

## CUESTIONARIO PELÍCULA JOHN HUSTON. FREUD. UNHA PAIXÓN SEGREDA. (1962)

### 1. SECUENCIA MEYNERT PACIENTES HISTERIA HOSPITAL VIENA (4:15-6:10):

- ¿Cal é a explicación das causas da histeria por parte da psiquiatría e a psicoloxía oficial e hexemónica (Theodore Meynert) nos tempos do xoven Freud?

### 2. SECUENCIA CLASE SOBRE A HISTERIA JEAN-MARTIN CHARCOT (4:15-6:10+ 9:16-17:25):

*"La histeria viola el principio médico de que los síntomas físicos deben tener un origen orgánico y el principio psicológico de que la mente no es capaz de pensar en varias ideas a la vez..."*

- ¿Cal é a explicación das causas da histeria por parte da psiquiatría e a psicoloxía oficial e hexemónica (Theodore Meynert) nos tempos do xoven Freud?
- ¿Cal é a nova explicación aportada por Jean-Martin Charcot?, ¿a que causas obedecen os síntomas da histeria?

### 3. SECUENCIA CONFERENCIA FREUD UNIVERSIDADE VIENA (18:06-20:55)

*"...lo importante es que esas ideas siguen siendo un misterio para el paciente. Es decir, son inconscientes. Hoy en día se habla mucho sobre el inconsciente. Hasta ahora solo ha sido una abstracción filosófica, pero el profesor Charcot nos ha permitido palparlo. Ahora debemos aceptar el hecho de que puede existir pensamiento a un nivel no consciente. ¿Son esas ideas inconscientes el producto de una mente trastocada, o están relacionadas con el trauma por una cadena lógica cuyos eslabones están aún por descubrir?" (Freud)*

- ¿Cal é a resposta que ofrecerá a teoría psicoanalítica á pregunta formulada neste diálogo polo propio Freud?
- ¿Cal é a réplica de Meynert ás palabras de Freud?, ¿a que causas atribúe os síntomas da histeria?, ¿en que aspectos clave discrepa de Charcot e Freud?, ¿que opina do inconsciente?, ¿admite a hipnose como un método científico?, ¿por que fala de *especulacions metafísicas*?, ¿a que se está a referir?

### 4. SECUENCIA REPRESIÓN INCONSCIENTE (34:30-34:55)

*"... todo recuerdo de ellos fue borrado de la consciencia. ¿Puede haber un mecanismo físico que defiende la mente de los recuerdos intolerables como hacen las glándulas linfáticas defendiéndose contra las infecciones? ¿Un mecanismo de represión que destierre estos recuerdos hacia el inconsciente y cierre la puerta con llave?"*

- Seguindo coa metáfora do sistema linfático: ¿cales serían os elementos patóxenos a nivel da psique?, ¿cal é o mecanismo de defensa?, ¿como se cura o paciente?, ¿que resulta paradóxico na terapia psicoanalítica?

### 5. SECUENCIA INTERPRETACIÓN DOS SOÑOS (1:15:10-1:15:30)

*"...los sueños tienen un significado... para el que sueña, para sí mismo, sobre sí mismo. Pero hablan en clave. ¿Podría ser que los sueños fueran ideas que escapan disfrazadas de la represión?"*

- ¿Que significado otorga a teoría psicoanalítica aos sonhos?, ¿por que razón Freud se refire a eles como *ideas disfrazadas*?

## RESPOSTAS CUESTIONARIO:

### 1. Causas histeria:

- Tese **Meynert**: sintomatoloxía (parálise, temblores, cegueira): **consciente e voluntaria**, condutas finxidas, intención de chamar a atención.
- Tese **Charcot**: síntomas físicos observables-causas psíquicas. **Condutas involuntarias e inconscientes**. Posibilidade de **inducir síntomas físicos por vía psíquica** (inconscientemente por medio da hipnose). Dolencia de orixe mental, non orgánica ou fisiolóxica.

### 2. Descubremento do inconsciente:

- Tese **Freud**: Existencia de **procesos psíquicos inconscientes**. Orixe feridas psicolóxicas (traumas).
- Tese **Meynert**: Síntomas histeria: causa **emocións fortes (conscientes)**. O inconsciente non existe, só hai **pensamento consciente**. A idea do inconsciente é metafísica, unha idea abstracta, unha noción filosófica, acientífica, sen base empírica. Os únicos datos admisibles na ciencia teñen que ter unha **base experimental e fisiolóxica**.

### 3. Represión inconsciente: **Recordos patóxicos** agochados. Mecanismo psíquico de **autoprotección inconsciente**. Represión inconsciente reprimido. Terapia psicoanalítica: **introspección retrospectiva**: liberar ou aflorar do recordo patóxico reprimido de forma metódica ou pautada (**diálogo** terapeuta-paciente, **asociación de ideas**).

### 4. Interpretación soños: Aflorar espontáneo do **inconsciente reprimido** de **forma simbólica ou desprazada**. Terapia psicoanalítica: diálogo guiado, descifrar a **simboloxía oculta nas imaxes oníricas**.